



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinar O inaprazable reto da remuda xeracional da función pública no marco dos desafíos do sector público na terceira década do século XXI

CONVOCATORIA: Webinar O inaprazable reto da remuda xeracional da función pública...

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/11/2022 - 08:00h ao 21/11/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este seminario web expón a imperiosa necesidade de renovación xeracional do emprego público como consecuencia das xubilacións masivas que xa se están producindo e que se producirán con maior intensidade nos próximos anos. Esa renovación xeracional débese realizar nun contexto marcado por un conxunto de importantes desafíos aos cales se enfronta o sector público nestes momentos, tales como a revolución dixital e a súa afectación ás tarefas tradicionais que se desempeñan nos diferentes postos de traballo, así como a necesidade de dispor de novos perfís de empregos funcionais que se asenten sobre os procesos de dixitalización, automatización e intelixencia artificial que se aplicarán á prestación de servizos e actividades administrativas.

Este webinar, co obxecto de ordenar cabalmente esa remuda xeracional e dispor de estruturas e persoas adecuadas aos desafíos futuros, propón unha estratexia mixta de organización e recursos humanos que promove unha planificación e xestión ordenada e gradual do cambio desde o modelo tradicional de deseño e organización actual de postos de traballo cara a outro modelo que teña como finalidade a flexibilidade organizativa, a adaptación e a transversalidade. A transformación organizativa e dos recursos humanos convértese, así, nunha necesidade existencial do futuro das administracións públicas.

Este webinar será impartido por Rafael Jiménez Asensio: consultor, formador, catedrático de Universidade acreditado por ANECA e AQU. Avogado (Estudo Sector Público SLPU).

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Sesión de telepresenza sobre os contidos indicados na descrición/obxectivos da convocatoria e desta ficha.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base segunda da convocatoria DOG. A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN **INICIO / FIN:** 24/11/2022 a 24/11/2022

NUM. PRAZAS: 100 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

RAFAEL JIMENEZ ASENSIO